



MEMORIA AMBIENTAL CORRESPONDENTE Ó PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA (AAE) DO PLAN GALEGO DE ACUICULTURA QUE REvisa O PLAN SECTORIAL DOS PARQUES DE TECNOLOXÍA ALIMENTARIA DA COSTA GALEGA.

1. ANTECEDENTES

O Consello da Xunta de data 22 de xullo de 2006, considerou o inicio dos trámites para a revisión e modificación do Plan Sectorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria da costa galega, pasándose a chamar Plan Galego de Acuicultura.

Entre os obxectivos da nova proposta de Plan están o de favorecer o desenvolvemento da acuicultura en Galicia preservando os espazos naturais. Para iso establece as condicións xerais para dito desenvolvemento, ordena territorialmente a costa galega para o uso acuícola evitando a dispersión das instalacións e aporta un marco normativo homoxéneo.

O ámbito territorial do Plan corresponde a toda a costa galega na que se definen un conxunto de terreos delimitados para a instalación e ampliación de instalacións de acuicultura mariña en terra denominados parques de tecnoloxía alimentaria.

A entrada en vigor da Lei 9/2006 sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente require ó sometemento do Plan a un proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica, unha ferramenta de prevención que pretende a inclusión dos aspectos ambientais na toma de decisións.

Durante a elaboración do Plan, entra en vigor a Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, onde se establece o procedemento integrado de Avaliación Ambiental Estratéxica para os instrumentos de ordenación do territorio previstos na lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.



2. ANÁLISE DO PROCESO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

2.1. Tramitación do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica

Para promover un desenvolvemento sustentable, conseguir un elevado nivel de protección do medio ambiente e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e aprobación do Plan Galego de Acuicultura, este sométese a unha Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) conforme ao establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, a desenvolver seguindo o procedemento integrado de AAE de instrumentos de ordenación do territorio previsto no artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

O inicio do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica do Plan Galego de Acuicultura tén lugar o 9 de outubro de 2006, momento no que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, órgano promotor do Plan e responsable da súa elaboración, comunícalle formalmente ó órgano ambiental, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o seu comezo. Isto faino a través do Documento de Inicio cuxo contido axústase ó especificado no artigo 18 da Lei 9/2006.

Seguidamente, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, como órgano ambiental do procedemento de AAE, facilitou ó Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (COGAMADS) e ó público en xeral a través da dirección web: <http://aae.medioambiente.xunta.es>, o acceso ao Documento de Inicio do Plan Galego de Acuicultura para o seu exame durante un prazo de 30 días (desde o 2 de xaneiro ata o 6 de febreiro de 2007). En dito prazo formuláronse as observacións respecto ás pautas e criterios a ter en conta na elaboración do Documento de Referencia no proceso de AAE.

Tomando como base o Documento de Inicio e a participación do COGAMADS e do público en xeral, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible redactou o Documento de Referencia que guiaría á Dirección Xeral de Recursos Mariños, como órgano promotor do Plan, no devir do proceso de AAE. Con data 2 de marzo de 2007, o órgano ambiental enviou ao órgano promotor o devandito Documento de Referencia, elemento de partida para a redacción do Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA en adiante), documento integrante do Plan que identifica, describe e avalía os probables efectos significativos sobre o medio ambiente que se poden derivar da súa aplicación.



O antedito Documento de Referencia está dispoñible na dirección web: <http://aae.medioambiente.xunta.es>.

Atendendo ás pautas marcadas no Documento de Referencia o órgano promotor elaborou a versión preliminar do plan e o ISA como parte integrante do mesmo. Dita documentación someteuse a consulta e participación pública desde o 1 de xullo ata o 31 de agosto de 2007.

Unha vez finalizado o proceso de participación e consultas, no que se recibiron 1001 alegacións e 9 informes sectoriais, o órgano ambiental recibiu a documentación requirida para a elaboración da Memoria Ambiental con data 5 de marzo de 2008, e a partires da mesma comezou o período de 3 meses para a emisión da Memoria Ambiental segundo o disposto no artigo 7.7. da Lei 6/2007 de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

A finalidade da Memoria Ambiental é a de valorar a consideración da dimensión ambiental na toma de decisións do plan. Analízanse neste contexto o proceso de avaliación, o resultado das consultas realizadas e a súa toma en consideración, así como a previsión dos efectos derivados da aplicación do plan, e as súas correspondentes medidas.

Tal e como esixe a propia Lei 9/2006, para dar publicidade a todo o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, os documentos xerados durante este procedemento (Documento Inicial, Documento de Referencia e Memoria Ambiental), están a disposición do público na dirección web <http://aae.medioambiente.xunta.es>.

2.2. Análise da integración dos criterios de sustentabilidade no proceso de AAE

2.2.1. Análise do entorno, obxectivos e alternativas

A costa galega é unha zona de alta produtividade tanto para o aproveitamento extractivo directo a través da acuicultura, a pesca e o marisqueo, como para o beneficio indirecto da paisaxe e os recursos naturais a través do turismo. Todas estas actividades requiren e fan uso das características que determinan a riqueza da costa galega.

O desenvolvemento da acuicultura mariña na zona litoral, espazo onde xa existe unha gran diversidade de usos, require unha análise exhaustiva dos condicionantes ambientais, sociais e económicos que, consecuentemente, reducirán en gran medida os tramos de costa afeitados para a súa práctica.



Neste senso a análise da situación de partida deste ámbito de actuación realizada no plan partiu do estudo dos espazos protexidos, e tivo tamén en conta condicionantes de tipo técnico. Non obstante será preciso realizar un estudo da paisaxe e da interrelación da actividade acuícola con outras actividades económicas como agricultura, gandería, pesca, marisqueo ou turismo que se desenvolven no seu ámbito de influencia. Polo tanto estableceranse condicionantes a nivel de proxecto como se entra en detalle no apartado 2.2.2 Efectos do plan no medio e medidas.

Partindo da premisa da non ocupación de Rede Natura por novas instalacións, o plan afronta a análise das alternativas cunha visión sectorial, é dicir, centrada basicamente no desenvolvemento da costa galega a través da acuicultura.

Polo que respecta aos obxectivos intermedios, cómpre destacar que no esforzo por *“definir claramente os novos espazos non protexidos ambientalmente que poidan destinarse ó cultivo de especies mariñas”* a aproximación ambiental que se fai no planeamento céntrase na consideración das zonas recollidas nalgunha figura de protección.

Ó tratarse da revisión dun plan xa aprobado, a alternativa 0 consiste en manter o plan vixente coas súas localizacións e as directrices definidas. A valoración desta alternativa céntrase en que algúns dos emprazamentos encóntranse en zonas protexidas e sen plans de xestión dos recursos redactados, polo que a incerteza sobre o previsible efecto negativo vese incrementada.

O conxunto de alternativas propostas pretendía conxugar o respecto dos espazos naturais co incremento da capacidade produtiva do sector. Os criterios polos que se desbotan as alternativas non seleccionadas fundaméntanse nas posibilidades de incremento da capacidade produtiva resultante do plan.

Para cubrir os obxectivos do plan e considerando a análise do entorno realizada, óptase pola alternativa 3 xustificando a decisión dende un punto de vista socioeconómico relacionado co potencial acuícola de Galicia. Esta alternativa establece unhas zonas aptas para o aproveitamento acuícola segundo se verifiquen uns requirimentos técnico-productivos para a localización de parques de tecnoloxía alimentaria. Destas zonas exclúense as que se atopan dentro de algunha figura normativa de protección ambiental.

Estes requirimentos técnico-productivos utilizados para a delimitación inicial das zonas aptas para a actividade acuícola están intimamente ligados ao sistema de produción intensiva en circuíto aberto e cuns ambiciosos obxectivos de incremento da produción a medio prazo. Isto ten como resultado que, en todos os casos, a delimitación das zonas lindan co mar, se atopan en ámbitos rurais e contan con amplas superficies a cotas baixas.



O Plan de Acuicultura está baseado nun tipo de explotación intensiva en circuío aberto. Non obstante, no ano 2002, a través da Estratexia para o Desenvolvemento Sostible da Acuicultura Europea, a Comisión Europea establecía o seguinte para a piscicultura en terra: "os sistemas de circulación de auga en circuío pechado deben perfeccionarse co fin de reducir a demanda de auga e poder trasladar as explotacións a zonas con menos valor paisaxístico. Estes sistemas xa demostraron á súa eficacia nun número limitado de especies pero para outras aínda non son rentables a escala comercial. Máis investigación e mellor tecnoloxía poden facer economicamente viables os sistemas de circulación". Esta liña de investigación debe ser promovida de xeito que nun futuro próximo poida constituírse nunha alternativa real de produción. O plan prioriza os proxectos que inclúan sistemas de recirculación ou reutilización de auga e ademais deberán ser valorados positivamente os proxectos que aproveiten o sistema galego de I+D para o desenvolvemento destas liñas de traballo.

2.2.2. Efectos do plan no medio e medidas

O plan que se está a avaliar ten un ámbito de actuación autonómico, polo que o seu contido respecto obxectivos e directrices responde a dito nivel de planificación. Agora ben, o desenvolvemento do mesmo leva actuacións a nivel local, os proxectos, que deben cumprir uns requisitos que permitan a consecución deste plan acorde coa minimización dos previsibles efectos ambientais e a súa sustentabilidade.

Neste apartado valórase cómo foron integrados no plan os criterios establecidos no Documento de Referencia, identificando neste proceso os previsibles efectos sobre o medio considerando a alternativa seleccionada, así como as medidas e determinacións que debe adoptar o plan para previlos e/ou, no seu caso, corríxilos, palialos ou compensalos.

Para facilitar a súa comprensión a valoración realízase segundo as seguintes variables de sustentabilidade, as cales procuran ser representativas e sintéticas das afectadas polo plan: natureza, socioeconomía, ciclo hídrico, ciclos de materiais, enerxía, paisaxe e territorio.

En resumo o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica require do establecemento de medidas preventivas, correctoras, mitigadoras ou compensatorias para os efectos sobre as variables de sustentabilidade previstos no Plan. En xeral, ditas medidas non aparecen recollidas no plan xa que se considera máis axeitado o seu establecemento no momento de realizar a Avaliación de Impacto Ambiental de cada proxecto sectorial. Non obstante, os efectos detectados a nivel de plan requiren o establecemento de medidas nesta fase do planeamento, debéndose establecer como condicionantes de obrigado cumprimento para os futuros proxectos (criterio nº 4 do Documento de Referencia).



Natureza

En canto á ocupación da Rede Natura 2000, o novo Plan mellora sensiblemente ó plan que se revisa xa que supón unha diminución de 62,50 hectáreas, pasando de 68,08 a 5,59 hectáreas. Esta redución, débese en gran parte á supresión das localizacións de Touriñán (35,70 ha) e Punta do Corno (7,70 ha).

Non obstante, o plan contempla sobre a Rede Natura ampliacións de instalacións existentes nas localizacións de Bico da Ran (Cambados), Meirás (Valdoviño), Lira (Carnota), Quilmas (Carnota) e Seráns (Porto do Son) e a ubicación de novas infraestruturas asociadas en Laxe Brava (Ribeira), Xandriña (Camariñas-Vimianzo), Seiruga (Malpica) e Foxo Longo (Ribadeo).

No desenvolvemento do plan deberase realizar unha análise detallada das repercusións sobre espazos naturais protexidos e/ou hábitats prioritarios recollidos na directiva 92/43/CEE ou que están na área de influencia destas instalacións e infraestruturas (criterios nº 1 e 2 do Documento de Referencia).

Coa finalidade de asegurar previr ou minimizar os previsibles efectos sobre a variable natureza, cada proxecto que desenvolva ó plan deberá contar con: un estudo que identifique e caracterice os hábitats incluídos na directiva 92/43/CEE (prestando especial atención ós cualificados como prioritarios) presentes no ámbito de cada actuación e á súa posible área de influencia, con independencia de que formen parte ou non de espazos da Rede Natura 2000; e o informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza conforme a actuación non produce afeccións significativas sobre os espazos e as especies protexidas presentes no ámbito e na súa área de influencia e que é coherente cos instrumentos de xestión no caso das infraestruturas ou construcións que ocupen espazos da Rede Natura 2000.

Socioeconomía

A elección da alternativa fundaméntase na súa contribución ao desenvolvemento económico do sector e ao aumento da oferta de traballo ao mercado laboral.

Esta contribución global debe ser sopesada nos ámbitos potenciais para a instalación dos futuros parques cos efectos locais sobre outras actividades económicas como o marisqueo, a pesca, a agricultura ou o turismo. Así, a ocupación de amplas zonas de territorio por actividades de acuicultura pode entrar potencialmente en conflito co entorno e coas actividades económicas sobre as que poda interferir, cobrando aínda máis importancia este feito ó se tratar de áreas costeiras.



Sen embargo, a metodoloxía de selección das zonas para a localización dos parques de tecnoloxía alimentaria non valora suficientemente a posible afección a outras actividades económicas desenvolvidas na área de influencia (criterio nº 7 e nº 10 do Documento de Referencia). En consecuencia cada proxecto que desenvolva ó plan deberá ser avaliado en función da contribución da actividade acuícola ó desenvolvemento local, á mellora das condicións de emprego no concello e ó favorecemento da incorporación da muller ao traballo.

A modo de exemplo, e centrándonos no turismo, atópase que algúns dos concellos onde se pretenden situar instalacións de acuicultura están declarados pola Xunta de Galicia como Municipios Turísticos (tal é o caso de Corcubión, Ribeira, Ribadeo, Cangas e O Grove) para o cal é preciso demostrar unha importante afluencia periódica ou estacional de poboación turística ou contar dentro do seu territorio con algún servizo susceptible de producir unha atracción turística. No caso da Costa da Morte existe un Plan de Dinamización Turística que, entre outras actuacións, conta coa Ruta dos Faros, a cal discorre ó longo da costa por onde se prevén localizacións (nos concellos de Malpica, Camariñas, Muxía, Corcubión, Carnota e Muros). Ditas iniciativas demostran o interese destas áreas polo aproveitamento dos seus recursos naturais e da súa paisaxe a través do turismo. En consecuencia, cada proxecto sectorial deberá contar co informe da Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria no que se valore a compatibilidade das actuacións respecto das súas competencias e actuacións previstas e realizadas no ámbito de influencia da instalación.

Respecto da agricultura e da gandería atópanse localizacións propostas en áreas con alta vocación agro-gandeira, segundo o informe sectorial da Consellería do Medio Rural ó plan. Concretamente, os parques situados nos concellos de Foz (Gralleira e Sarrido) e de Ribadeo (Foxo Longo e Corvo) planéanse en zonas onde se teñen acometido procesos de concentración parcelaria e se teñen feito importantes investimentos que poderían ver afectada a súa produtividade. Así, os proxectos que desenvolvan o presente plan deberán contar co Informe da Consellería de Medio Rural no que se valore a compatibilidade das actuacións respecto das súas competencias e actuacións previstas e realizadas no ámbito de influencia da instalación.

Por outra parte, nos propios estudos pormenorizados que presenta o plan determínase que é preciso considerar para a implantación de industrias de acuicultura, a incidencia sobre as actividades marisqueiras da zona, diferindo para a fase de proxecto a análise destas posibles afeccións. Neste senso cada un destes proxectos deberá contar co informe da propia Dirección Xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos no que se valore a compatibilidade das actuacións respecto das súas competencias e actuacións previstas e realizadas no ámbito de influencia da instalación.



Ciclo hídrico, ciclos de materiais, enerxía

Como ocorre noutras actividades produtivas, a magnitude do Plan trae consigo a xeración de residuos e xunto coa opción tecnolóxica de circuíto aberto se converten nun elevado volume de efluentes. Asemade, e tal como se recoñece no plan, demanda unha necesidade importante de enerxía para o cultivo debido fundamentalmente ás necesidades de bombeo continuo (criterios nº 13 e 14 do Documento de Referencia).

Polo que se refire aos residuos, como resultado do proceso de produción xéranse fundamentalmente residuos orgánicos pero tamén se producen outros non orgánicos. Estes volumes de residuos son directamente proporcionais ás dimensións e á produción estimada de cada planta (criterio nº 15 do Documento de Referencia). Os residuos e compostos identificados no apartado 3.2.2. do ISA deberán ser xestionados conforme as correspondentes normativas, debendo establecer o Plan, nas directrices para o desenvolvemento dos proxectos sectoriais, a necesidade de informe da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental no que valore a idoneidade da opción elixida para a xestión de todos estes tipos de residuos producidos polo desenvolvemento das actuacións acuícolas, incluíndo a xestión dos peixes mortos.

Respecto aos efluentes emitidos, para garantir o control dos seus posibles efectos sobre o medio receptor dende a fase de planificación que corresponde ao plan, este deberá establecer un plan de seguimento que permita coñecer como evoluciona a calidade da auga, os sedimentos e os organismos do bentos a medida que o plan avanza. Tanto as variables a analizar como o tipo e frecuencia da mostraxe estableceranse en función do interese natural e socioeconómico da área e das características de cada instalación, tendo en conta a produción anual e os sistemas de cultivo. Dito plan de seguimento tomará como valores de referencia os datos que se obteñan da aplicación da directiva Marco da Auga, pola que se establece o estado ecolóxico das masas de auga.

No tocante á enerxía, debido ó elevado consumo enerxético provocado pola necesidade dun bombeo continuo nos sistemas de circulación de auga de circuíto aberto, o plan tenderá que incorporar medidas de compensación a través da produción dunha parte destas necesidades a partires de fontes renovables (criterio nº 16 do Documento de Referencia). Así, deberá introducir nas directrices para o desenvolvemento dos proxectos sectoriais que cada un dos parques de tecnoloxía alimentaria producirá, alomenos, o 10% da enerxía necesaria para satisfacer a súas necesidades a partires de fontes renovables.



Paisaxe e territorio

O propio Plan sinala que as instalacións de acuicultura en terra xeran un importante impacto visual sobre a paisaxe, recoñecendo que a actividade pode entrar potencialmente en conflito con outros intereses turísticos, naturais ou patrimoniais. O plan non integra a paisaxe nesta fase de planificación como variable para a toma de decisións, deixando o estudo das afeccións paisaxísticas ó nivel de proxecto (criterio nº 9 do Documento de Referencia). Con respecto á ocupación de espazo, a existencia de parques cunha grande extensión na franxa costeira podería ter efectos en canto á fragmentación do territorio, accesibilidade ó dominio público marítimo-terrestre, conectividade e visibilidade (criterio nº 6 do Documento de Referencia).

Para previr ou corrixir estes efectos, cada proxecto das instalacións acuícolas deberá conter unha análise do seu grao de incidencia sobre o fraccionamento do territorio e a súa influencia sobre os fluxos de materia e enerxía do sistema natural, a accesibilidade ó dominio público marítimo-terrestre e a súa integración visual no entorno, que permita poder valorar estes proxectos segundo a súa contribución á prevención ou minimización destes efectos. Con tal finalidade, o Informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza deberá garantir que o proxecto finalmente seleccionado non produce afeccións significativas sobre a funcionalidade dos hábitats naturais nin sobre a paisaxe.

De cara a minimizar os efectos identificados na antedita análise, os proxectos sectoriais terán que xestionar a superficie non construíble dos ámbitos das localizacións (1/3). Así, a zonificación dos parques deberá optimizarse para tal fin, debendo considerar, entre outras, solucións tales como o establecemento de zonas de amortecemento para as posibles áreas poboacionais e/ou de interese natural ou produtivo do seu entorno; ou a minimización da fragilidade visual das instalacións do parque.

Amais, para garantir as condicións de accesibilidade ó dominio público marítimo-terrestre ditos proxectos manterán as servidumes e a funcionalidade dos pasos e camiños existentes e minimizarán o efecto barreira das instalacións e infraestruturas do parque, podendo chegar a incluír a obriga de non proceder ó peche total do ámbito.

A modo de valoración integradora da afección ó territorio, a estratexia seguida no plan para a integración dos criterios e principios de sustentabilidade estivo condicionada pola consideración da escala autonómica do ámbito de aplicación diferindo á fase de proxecto o desenvolvemento de gran parte dos estudos e análises necesarios para a correcta integración destes criterios. Dita integración require de certo grao de flexibilidade na delimitación das instalacións nas zonas aptas para o aproveitamento acuícola, feito que contrasta coa marxe de modificación permitida que establece o plan para a fase de proxecto (< 10 %).



Coa finalidade de optimizar a integración dos criterios de sustentabilidade a través dos proxectos sectoriais, deberase condicionar a porcentaxe máxima de modificación da superficie das delimitacións das zonas potencialmente aptas para o aproveitamento acuícola en función do cumprimento de todas as determinacións incluídas nesta memoria; e ao mesmo tempo, se priorizarán aqueles proxectos que garantindo á integración destas determinacións optimicen a ocupación das superficies delimitadas.

2.2.3. Seguimento e control

O Plan estableceu un sistema de indicadores para o seguimento e control dos seus efectos no medio constituído por indicadores de contexto ou referencia e indicadores de seguimento ambiental, partindo das consideracións realizadas ó respecto no Documento de Referencia.

O sistema de seguimento proposto polo plan resulta mellorable nalgúns dos seus indicadores.

Respecto dos indicadores de contexto ou referencia:

- O indicador nº 1 baseado na porcentaxe de territorio costeiro incluído en Rede Natura non é relevante para o seguimento da evolución da ocupación do sector acuícola na Rede Natura xa que o seu valor é independente dos cambios que se produzan no mesmo. No seu lugar deberanse contemplar os indicadores 1 e 2 establecidos no Documento de Referencia (referidos á porcentaxe de superficie executada no territorio do ámbito do Plan).
- O indicador nº 2 que mide o número de especies en perigo de extinción debería incluír outras categorías de especies ameazadas, en correspondencia coas definidas pola UICN ou no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.
- Os parámetros do indicador nº 5 referente á calidade da auga resultan insuficientes para realizar o correcto seguimento da evolución do medio respecto ós posibles efectos sobre o sistema litoral, tornándose necesaria esta mellora para garantir a prevención ou minimización de ditos efectos. Por este motivo, o plan de seguimento deberá incluír indicadores que permitan coñecer cómo evoluciona a calidade da auga, os sedimentos e o bentos a medida que o Plan avanza, tal e como quedou recollido nunha das medidas a incluír no planeamento do anterior apartado 2.2.2.
- Deberanse engadir indicadores que permitan coñecer o consumo enerxético asociado ás instalacións de acuicultura mariña en terra.

Respecto dos indicadores de seguimento e control propiamente ditos:

- Os indicadores baseados na porcentaxe de empresas creadas/ampliadas que cumpran unhas consideracións concretas deberán contemplar como tales ás instalacións locais



dunha empresa, xa que se podería dar o caso de que se cumpriran os requisitos para a empresa no seu conxunto e non para a localización concreta da instalación.

- Deberanse engadir indicadores que valoren a eficiencia enerxética e a eficiencia no uso do recurso auga das futuras instalacións acuícolas.
- Deberanse incluír indicadores que permitan valorar a contribución á economía local do concello no que se asenten as instalacións.

Por outra parte o plan non establece claramente a responsabilidade de quen deberá realizar ese seguimento nin a periodicidade coa que se vai facer uso e publicidade dos indicadores propostos, polo que o plan de seguimento do documento que se aprobe definitivamente deberá especificar un sistema de revisións e informes dos seus resultados. Neste sistema deberase contemplar a remisión a esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible dos informes que inclúan os cálculos e as estimacións para o sistema de indicadores deseñado. A periodicidade das revisións e informes adecuarase ás características dos efectos identificados.

2.3. Participación pública e Consultas

a) Valoración do procedemento de Participación Pública e Consultas, así coma do informe sobre as mesmas, elaborado polo órgano promotor da presente Modificación.

O Plan Galego de Acuicultura (revisión do Plan Sectorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria) incluíndo o seu Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA), someteuse ó proceso de consulta e información pública regulado pola Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre os efectos de determinados plans e programas sobre o medio ambiente, e polo Decreto 80/2000, de 23 de marzo, no que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

O Plan foi exposto durante un período de 2 meses, dende o 1 de xullo de 2007 ata o 31 de agosto de 2007, logo da inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 126 de 30 de xuño de 2007).

O procedemento de consulta e información pública elaborado polo órgano promotor valórase como correcto.

b) Resultados da participación pública e as consultas

Durante o proceso de consulta e información pública tiveron entrada un total de 1001 alegacións nas que se observa unha relativa incidencia e coincidencia nun conxunto de aspectos:



- Cuestiónase a pertinencia do Plan e o seu carácter estratéxico.
- Négase o carácter supramunicipal do Plan.
- Ponse en dúbida o interese público e a utilidade social do Plan.
- Cuestiónanse a corrección e adecuación do alcance e contidos do informe de sostibilidade ambiental así como a corrección e adecuación dos estudos ambientais presentes no Plan.
- Proponse que o principio de non afección á Rede Natura se estenda a outras figuras de protección ambiental ou a certos valores susceptibles de protección, así como aos parques considerados “de ampliación”.
- Cuestiónanse a sostibilidade da acuicultura e o respecto á normativa ambiental.
- Preténdese supeditar o Plan a instrumentos normativos aínda por desenvolver.
- Cuestiónanse a ordenación espacial das instalacións dentro de cada un dos parques e a información e participación no procedemento de consultas.

Ademais, algunhas alegacións cuestionan o plan dende un punto de vista técnico, formulando modificacións en canto ao proceso de desenvolvemento ou propoñen cambios puntuais.

Os organismos consultados e as súas observacións veñen descritos máis detalladamente no Anexo I do presente documento.

c) Integración do resultado do proceso de participación pública e consultas.

Logo de corrixir erros e de matizar a redacción dalgúns apartados do Plan, adoptáronse unha serie de determinacións que se poden resumir do seguinte modo:

1. Respecto ás normas ou características xerais:
 - Apartado A.4.2 .- Redacción homoxénea respecto a alturas máximas
 - Apartado A.6.1 .- Concrétase o ámbito material do Plan e o réxime aplicable aos establecementos de cultivos mariños.
 - Apartado A.6.4, punto 1 .- Aclárase a porcentaxe de alteración permitida aos proxectos sectoriais respecto da delimitación dos parques contida no Plan.
 - Apartado A.6.5, letra C .- Modifícase a expresión referente ao prazo de outorgamento de concesións sobre os terreos para axustala á Lei de costas.
 - Apartado A.6.6, letra K. - Adáptase o sinalado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en canto ás condicións esixibles nos estudos sobre patrimonio cultural ós proxectos de desenvolvemento.
 - Apartado A.6.7 .- Elimínase a referencia ó Plan de Ordenación do Litoral co fin de evitar problemas de legalidade.



- Apartado 5.C .- Recóllese a necesidade de que os ámbitos de protección dos elementos patrimoniais deberán quedar inalterados.
- Elimínase o plano nº 9 – ORDENACIÓN URBANÍSTICA ORIENTATIVA: FICHA RESUMO.
- Inclúese un anexo con tódalas instalacións existentes non incluídas no Plan.

2. Respecto a parques concretos:

a) Introdúcese referencia a elementos arqueolóxicos ou patrimoniais presentes no entorno, así como as cautelas necesarias para o seu desenvolvemento derivadas da protección dos mesmos nos seguintes parques:

- Parque nº 1 Orelludas
- Parque nº 3 Punta dos Patos
- Parque nº 4 Punta Moreiras
- Parque nº 14 Merexo
- Parque nº 17 Seiruga
- Parque nº 19 Meirás
- Parque nº 25 Foxo Longo
- Parque nº 26 Corvo

b) Redúcese a extensión dos parques :

- Parque nº 1 Orelludas
- Parque nº 2 Mougás
- Parque nº 8 Seráns
- Parque nº 22 Lago

c) Especificase a altura máxima das novas edificacións nos parques:

- Parque nº 6 Bico da Ran

d) Elimínanse as ampliacións dos parques :

- Parque nº 5 Ardía
- Parque nº 7 Couso-Aguiño

Tamén no ISA introducíronse algunhas modificacións como a corrección da *Táboa nº 5: principios de sostibilidade e criterios ambientais* onde se eliminou a repetición dos criterios 13 e 14 e a corrección da numeración dos Indicadores de seguimento ambiental que por un erro informático comezan no número 14.



3. SÍNTESE FINAL SOBRE A INTEGRACIÓN DOS ASPECTOS AMBIENTAIS NO PLAN.

O procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica aplicado axustouse aos requisitos esixidos polo órgano ambiental en concordancia coa Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente e a Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

O ámbito territorial do Plan correspóndese con toda a costa galega, para a que se definen un conxunto de terreos delimitados para a instalación e ampliación de instalacións de acuicultura mariña en terra denominados parques de tecnoloxía alimentaria.

A análise da situación de partida do ámbito de actuación e influencia do planeamento partiu do estudo dos espazos protexidos, e tivo tamén en conta condicionantes de tipo técnico. Non obstante será preciso realizar a nivel de proxecto, un estudo exhaustivo da paisaxe e da interrelación da actividade acuícola con outras actividades económicas como agricultura, gandería, pesca, marisqueo ou turismo que se desenvolven no seu ámbito de influencia.

Partindo da premisa da non ocupación de Rede Natura por novas instalacións, o plan afronta a análise das alternativas cunha visión sectorial, é dicir, centrada basicamente no desenvolvemento da costa galega a través da acuicultura.

Polo que respecta a outros obxectivos, cómpre destacar que no esforzo por *“definir claramente os novos espazos non protexidos ambientalmente que poidan destinarse ó cultivo de especies mariñas”* a aproximación ambiental que se fai no planeamento céntrase na consideración das zonas recollidas nalgunha figura de protección.

O conxunto de alternativas propostas pretendía conxugar o respecto dos espazos naturais co incremento da capacidade produtiva do sector. Os criterios polos que se desbotan as alternativas non seleccionadas fundaméntanse nas posibilidades de incremento da capacidade produtiva resultante do plan.

A estratexia do plan fronte ós principais efectos ambientais da alternativa seleccionada (afección á paisaxe e ós espazos protexidos, ocupación do territorio costeiro, consumo de recursos naturais e enerxéticos, xeración de residuos e efluentes e, a nivel local, a posible incidencia sobre outras actividades económicas) foi diferir á fase de formulación dos proxectos das instalacións.



O plan de seguimento proposto non contempla o sistema de revisión e informes e o sistema de indicadores debe ser mellorado, completándoo tal e como foi recollido no apartado 2.2.3.

Considerando o exposto nos apartados anteriores, o Plan Galego de Acuicultura poderá garantir a súa contribución cara á sustentabilidade de Galicia sempre e cando integre no documento do Plan que se aprobe definitivamente as seguintes consideracións e determinacións identificadas ao longo da presente Memoria Ambiental:

A) Determinacións e consideracións con aplicación para a globalidade do Plan:

- Deberase condicionar a porcentaxe máxima de modificación da superficie das delimitacións das zonas potencialmente aptas para o aproveitamento acuícola en función do cumprimento de todas as determinacións incluídas nesta memoria; e ao mesmo tempo, se deberán priorizar aqueles proxectos que garantindo a integración destas determinacións optimice a ocupación das superficies delimitadas.
- O plan deberá introducir nas directrices para o desenvolvemento dos proxectos sectoriais que cada un dos parques de tecnoloxía alimentaria deberá producir, alomenos, o 10% da enerxía necesaria para satisfacer as súas necesidades a partires de fontes renovables.
- O plan de seguimento deberá ser modificado segundo as consideracións establecidas no apartado 2.2.3.

B) Directrices a incluír no Plan como condicionantes para elaboración dos proxectos sectoriais que desenvolvan o Plan e cuxa optimización deberá ser considerada na valoración dos seus concursos de adxudicación correspondentes:

- Conter un estudo que identifique e caracterice os hábitats incluídos na directiva 92/43/CEE (prestando especial atención ós cualificados como prioritarios) presentes no ámbito de cada actuación e á súa posible área de influencia, con independencia de que formen parte ou non de espazos da Rede Natura.
- Conter unha análise da contribución da actividade acuícola ó desenvolvemento local, á mellora das condicións de emprego no concello e ó favorecemento da incorporación da muller ao traballo.
- Conter unha análise do seu grao de incidencia sobre o fraccionamento do territorio e a súa influencia sobre os fluxos de materia e enerxía do sistema natural, a accesibilidade ó dominio público marítimo-terrestre e a súa integración visual no entorno, que permita poder valorar estes proxectos segundo a súa contribución á prevención ou minimización destes efectos.
- Xestionar a superficie non construíble dos ámbitos das localizacións (1/3) de cara a minimizar os efectos identificados na antedita análise. Así, a zonificación dos parques



contemplada nos proxectos deberá optimizarse para tal fin, debendo considerar, entre outras, solucións tales como o establecemento de zonas de amortecemento para as posibles áreas poboacionais e/ou de interese natural ou produtivo do seu entorno; ou a minimización da fragilidade visual das instalacións do parque.

- Garantir as condicións de accesibilidade ó dominio público marítimo-terrestre mantendo as servidumes e a funcionalidade dos pasos e camiños existentes e minimizando o efecto barreira das instalacións e infraestruturas do parque, podendo chegar a incluír a obriga de non proceder ó peche total do ámbito.
- Solicitar os informes sectoriais dos organismos ó respecto do que se detalla a continuación:
 - Informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza conforme a actuación non produce afeccións significativas sobre os espazos e as especies protexidas presentes no ámbito e na súa área de influencia, nin sobre a funcionalidade dos hábitats naturais, nin sobre a paisaxe, e que é coherente cos instrumentos de xestión no caso das infraestruturas ou construcións que ocupen espazos da Rede Natura 2000.
 - Informe da Consellería de Medio Rural que valore a compatibilidade das actuacións respecto das súas competencias e actuacións previstas e realizadas no ámbito de influencia da hipotética instalación.
 - Informe da Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria que valore a compatibilidade das actuacións respecto das súas competencias e actuacións previstas e realizadas no ámbito de influencia da hipotética instalación.
 - Informe da Dirección Xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos que valore a compatibilidade das actuacións respecto das súas competencias e actuacións previstas e realizadas no ámbito de influencia da hipotética instalación.
 - Informe da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental no que valore a idoneidade da opción elixida para a xestión de todos os tipos de residuos producidos polo desenvolvemento das actuacións acuícolas, incluíndo a xestión dos peixes mortos.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2008

O Director Xeral de Desenvolvemento Sostible

Asdo.: Emilio M. Fernández Suárez



ANEXO I : Resumo das consultas realizadas xunto coas súas alegacións (documentación aportada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos).

A) CONSULTAS

ORGANISMO	DATA RESPOSTA	CONTIDO	ANÁLISE
Augas de Galicia	17 de xullo de 2007	Necesidade de que os proxectos das instalacións de acuicultura obteñan autorización de vertedura de augas residuais tramitada de forma individual.	Compártese o sinalado acerca da necesidade de autorización da vertedura.
Confederación Hidrográfica del Duero	3 de agosto de 2007	Devolución da documentación ó considerarse fóra do ámbito xeográfico da cunca do Duero.	A vista do informe non se fan consideracións.
Confederación Hidrográfica del Norte	1 de agosto de 2007	Devolución da documentación ó considerarse fóra do ámbito territorial de competencia.	A vista do informe non se fan consideracións.
Consellería de Medio Rural	16 de outubro de 2007	<p>a) Respecto do Plan:</p> <ul style="list-style-type: none">- Os parques de Galleira, Sarrido, Foxo Longo e Corvo son zonas de alta vocación agro-gandeira onde a implantación pode afectar á produtividade.- Sinálase que unha vez decidida a posible localización das zonas de produción, para unha autorización concreta de cada explotación deberase xustificar que dispón da infraestrutura sanitaria e un plan sanitario das especies cultivadas. <p>b) Respecto ó ISA :</p> <ul style="list-style-type: none">- Considera que os aspectos de sanidade animal están cubertos para este nivel de planificación.- Indícase que o dato relativo ó volume de peixe morto xerado pola acuicultura mariña en terra (TM/ano) é 215TM/ano.	<ul style="list-style-type: none">- A cifra de 215 TM/ano procede dunha fonte non aclarada. O dato que aparece reflectido no plan, 127 Tm/ano, foi calculado pola empresa Econima encargada de realizalo traballo para a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.- Os proxectos serán sometidos ó correspondente informe preceptivo por parte da Consellería de Medio Rural.



ORGANISMO	DATA RESPOSTA	CONTIDO	ANÁLISE
D. X. Industria, Enerxía e Minas.	18 de outubro de 2007.	Non se pronuncia dado que na documentación non se describen instalacións técnicas. Aínda así sinala a necesidade de que se cumpran os Regulamentos sobre Seguridade Industrial cando sexan de aplicación.	A vista do informe non se fan consideracións.
Ministerio de Defensa.	3 de outubro de 2007.	- Non hai nada que obxectar dende o punto de vista patrimonial ou ambiental. - Solicítase que se comunique ó Instituto Hidrográfico de la Marina as datas de inicio e finalización das obras e se subministre os planos xeorreferenciados e en formato dixital de uso profesional, cando as obras afecten á navegación marítima.	Á vista do informe non se fan consideracións.
D.X. Conservación da Natureza.	5 de novembro de 2007.	- Resume do plan Sectorial, do esquema metodolóxico adoptado para a selección das localizacións e dos resultados da aplicación do mesmo na costa galega. - Análise do Plan Sectorial coas seguintes conclusións: 1. As novas instalacións non están suxeitas a afección directa de áreas protexidas aínda que as instalacións complementarias si. A magnitude da afección será estudada na AIA. 2. No que respecta ás granxas mariñas, en principio hai posibilidade de compatibilizar a instalación coa conservación dos valores naturais que deron lugar á designación dos lugares de interese comunitario.	Compártense os argumentos do informe.



ORGANISMO	DATA RESPOSTA	CONTIDO	ANÁLISE
D.X. de Patrimonio Cultural.	30 de novembro de 2007.	<ul style="list-style-type: none">- O Plan debe incluír estudos específicos que permitan valorar os efectos sobre o patrimonio cultural así como un inventario do mesmo.- Sinálanse as cautelas específicas que se han de adoptar de acordo ás características de cada parque no caso de que haia presenza de elementos patrimoniais..	<ul style="list-style-type: none">- Incorporárase a identificación de elementos patrimoniais e rectifícanse as condicións esixibles ós proxectos de desenvolvemento en canto ós estudos previos sobre o patrimonio cultural.- Recóllense as cautelas específicas para o desenvolvemento dos parques.- Redúcese o parque de Orelludas.
D.X. de Costas.	1º informe : 18/09/2007 2º informe : 15/12/2007	<ul style="list-style-type: none">- Pídese que se extreme o rigor dos estudos sobre afección das praias polos vertidos das instalacións acuícolas.- Sinálase que os planos non permiten establecer as afeccións ó dominio público marítimo-terrestre e as servidumes.- Propóñense prescricións para os parques novos, parques existentes localizados en dominio público ou zona de servidume e nas ampliacións dos parques situados na servidume.- Sinálase a conveniencia de incluír no Plan un listado de todas as instalacións que se corresponden co seu ámbito.	<ul style="list-style-type: none">- O ámbito de aplicación do Plan é o terrestre.- A localización dun parque dentro da zona de servidume non presupón a súa afección real polas obras e instalacións.- As condicións técnicas para o cultivo esixen o bombeo de importantes volumes de auga de forma continuada.- A planificación territorial das novas actuacións en materia de acuicultura é totalmente independente do destino das instalacións existentes.-A ocupación da zona de servidume axustarase ó que dispoña a D.X. de Urbanismo da Comunidade Autónoma.- Os mecanismos e criterios de execución dos parques tratan de conxugar a optimización e precaución en canto ó uso do espazo costeiro.- Engádese un anexo con todas as instalacións actualmente existentes e non incluídas no plan.



B) ALEGACIONES

TIPO DE ALEGANTE	Nº DE ALEGACIONES RECIBIDAS
Particulares	947
Grupos ou asociacións ecoloxistas e plataformas	17
Empresas do sector acuícola	12
Concellos	11
Asociacións de veciños	4
Grupos políticos municipais ou agrupacións locais de partidos	3
Confrarías de pescadores e asociacións do sector pesqueiro ou/e marisqueiro	3
Colexios profesionais	2
Sindicatos	1
Universidades	1
Total	1001

ARGUMENTO DA ALEGACIÓN	CONTIDO	RESPOSTA
Pertinencia do Plan.	O Plan non abarca todo o sector da acuicultura, senón só o da acuicultura mariña en terra, que resulta insignificante no que a emprego se refire, fronte o da acuicultura a flote ou fronte a outras actividades alternativas, tales como a pesca.	<ul style="list-style-type: none">- A acuicultura en terra presenta un enorme potencial.- O tipo de explotación ten unhas características específicas polo que require unha planificación sectorial.- Os postos de traballo que xera son estables e de calidade.
Carácter estratéxico do Plan.	Non está xustificado elaborar un Plan sectorial para o que só representa unha ínfima parte do sector e menos aínda concederlle carácter estratéxico.	<ul style="list-style-type: none">- É responsabilidade da Xunta facilitar as vías de crecemento da acuicultura de forma compatible con outras actividades económicas e os valores naturais, culturais e históricos de Galicia.
Carácter supramunicipal do Plan.	O Plan non reúne determinados criterios establecidos polo artigo 4 do Decreto 80/2000 para ter incidencia supramunicipal.	Os argumentos que apoian esta temática son subxectivos e consisten nunha negación dos criterios.
Interese público e utilidade social do Plan.	En base ó artigo 2.1 do Decreto 80/2000, ponse en dúbida o carácter sectorial ou supramunicipal do Plan.	Considéranse as alegacións separadamente para demostrar que o que subxace é a oposición á expropiación.



ARGUMENTO DA ALEGACIÓN	CONTIDO	RESPOSTA
Alcance, contido e procedementos propios do plan e da súa Avaliación Ambiental Estratéxica.	<ul style="list-style-type: none">- O Plan e o seu ISA incumpren a Lei 6/2001 e o procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental.- Esíxelle ó Plan e o seu ISA estimacións concretas de afeccións ou impactos.	As alegacións establecen esixencias fóra do ámbito correspondente á Avaliación Ambiental Estratéxica ó confundir dito procedemento có de Avaliación de Impacto Ambiental.
Contido e adecuación dos estudos ambientais e da información ofrecida sobre os diferentes parques.	<ul style="list-style-type: none">- Falta de exactitude da información recollida no Plan. Sinálanse erros na denominación de determinadas zonas ou puntos xeográficos, na clasificación urbanística do solo e na existencia de especies animais ou vexetais, características xeomorfolóxicas, elementos patrimoniais,...- En xeral, non se tiveron en conta determinados elementos ou circunstancias que desaconsellan a selección dunha zona para formar parte do Plan.	As alegacións foron estimadas parcialmente mediante as modificacións pertinentes.
Principio de non afección á Rede Natura 2000.	Propónse estender o principio de non afección á Rede Natura 2000 a outras figuras de protección ambiental ou a certos valores susceptibles de protección, así como aos parques considerados de ampliación.	Tódolos proxectos serán sometidos a AIA para asegurar a non afección ós valores naturais da Rede Natura. Impedir as ampliacións en Rede Natura implicaría un risco para a viabilidade das instalacións alí presentes derivándose prexuízos económicos e sociais de difícil valoración.
Sostibilidade da acuicultura	<ul style="list-style-type: none">- Considérase unha contradicción manifestar que a acuicultura en terra pode servir como alternativa á sobreexplotación dos recursos pesqueiros cando na cría de peixe plano requírese unha gran cantidade de fariñas de peixe como alimento.- Segundo o Banco Mundial a instalación de piscifactorías afectan de tal forma ós terreos sobre os que se instalan que causan a destrución do ecosistema.- A actividade acuícola en terra non garante a calidade da auga, senón que pon en perigo o medio mariño pola vertedura de millóns de metros cúbicos de auga contaminada.- A acuicultura en terra xera pouco emprego directo e non beneficia á poboación local.	<ul style="list-style-type: none">- O factor de conversión no caso do rodaballo é moi próximo ó 1:1.- A cita non procede directamente do Banco Mundial, senón dunha revista de información xeral.- O efecto das verteduras non só depende das características destas, senón tamén da capacidade de dixestión do medio receptor. Neste senso na elección das localizacións tívose en conta a renovación do auga.- A creación de emprego non é un facto de sostibilidade xa que pode xerarse moito emprego de forma moi insostible.



ARGUMENTO DA ALEGACIÓN	CONTIDO	RESPOSTA
Normativa ambiental vixente.	Ponse en dúbida o cumprimento da normativa ambiental vixente.	A Xunta dispón dos mecanismos suficientes para facer cumprir a devandita normativa.
Normativa de referencia.	Necesidade de paralizar a tramitación e aprobación do Plan en tanto en canto non se produza a aprobación de diversos instrumentos normativos actualmente en fase de desenvolvemento, para evitar posibles conflitos.	Se ben é certo que hai normas en estudo que poden influír no plan, no cabe esixir que se pospoña o plan á aprobación destas normas que non teñen o plan como obxectivo específico.
Ordenación de espazos dentro de cada parque.	Situación e orientación das canalizacións de captación de auga e vertedura e distribución de espazos ocupados e inalterados.	Suprímense os planos que recollen dita información para evitar confusións e interpretacións erróneas.
Proceso de información e participación.	Ponse en dúbida a correcta realización do proceso de información e participación pública.	Estas alegacións carecen de fundamento xa que o proceso de participación fíxose de acordo coa normativa aplicable, Lei 9/2006 e Decreto 80/2000.
Aspectos puntuais do Plan	Propostas de cambios puntuais na redacción do Plan.	Estimáronse cando poñían de manifesto un erro que se puido contrastar.